

A MODO DE PRÓLOGO

A CREACIÓN DO CICLO DE CONFERENCIAS DE XÉNERO, ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTE E O NACEMENTO DO GEXAFD

O interese polos temas de xénero que varias profesoras da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da UDC viñan manifestando dende anos atrás nas suas aulas e publicacións levounas a constituir dunha maneira formal e visible, no curso 2009-2010, o Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte (GEXAFD).

Entre os obxectivos do grupo, ademáis da investigación, concienciación e visibilización da realidade das mulleres no deporte, estaba a necesidade de incidir de maneira especial na formación do alumnado da Facultade.

Dende o punto de vista institucional, a Facultade xa manifestara un interese especial por incluír a perspectiva de xénero no novo plano de estudos adaptado ás directrices de Bolonia. Nas competencias e nos descritores de todas aquelas materias que a podían considerar incluíuse unha referencia explícita ás diferenzas entre homes e mulleres e á necesidade de atender á igualdade de oportunidades. Isto fíxose a modo de estratexia, para concienciar ao profesorado da necesidade de considerar esas cuestións na explicación dos contidos das súas materias.

En esta liña de visibilizar a realidade de dous xéneros culturalmente diferenciados que non disfrutaban da igualdade de oportunidades, creáronse os “Ciclos de Conferencia de Xénero Actividade Física e Deporte”, que son o resultado do traballo das persoas vencelladas ao GEXAFD e ao Vicedecanato de Estudantes e Extensión Universitaria.

O apoio recibido a través dunha axuda do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia no ano 2010 resolveu o tema económico para poder convidar a persoas con traxectorias moi recoñecidas dentro do ámbito. E a colaboración da Oficina de Xénero da Universidade da Coruña no financiamento permitiu convidar a unha outra conferencista. Unha vez máis constatamos que a existencia de recursos específicos nos organismos públicos é un dos requisitos para avanzar nesta liña.

O seguinte reto era diseñar unha planificación organizativa que poidera garantir que o alumnado asistira as conferencias e que aproveitara a oportunidade de escoitar os coñecementos que persoas de gran prestixio lles estaban a transmitir.

Pensamos que a clave estaba en vencellar as conferencias ao curriculum formativo, e non programalas simplemente como actividades abertas, voluntarias e paralelas.

Partindo desta premisa decidiuse o seguinte:

- Organizar cada ano académico unha conferencia para cada un dos cursos, como mínimo; en total catro conferencias por ano xa que temos implantado a totalidade do Grao.
- Conectar cada unha das catro conferencias a unha materia de cada curso, buscando relacións de contido.
- Contactar co profesor correspondente, semanas antes da celebración da conferencia, e pedir a súa colaboración para deseñar unha actividade de aprendizaxe dentro da súa materia en relación co contido da conferencia.

Con este sistema organizativo acadabamos varios obxectivos:

- Que todo o alumnado matriculado na Facultade nun curso académico puidese recibir, alomenos, unha conferencia específica sobre xénero aplicada á actividade física e ao deporte. Polo tanto conseguíamos chegar a perto de 900 alumnos e alumnas.
- Que todo o alumnado puidese asistir, xa que as conferencias sempre se celebraban en horario lectivo.
- Que, ademais de asistir, tivesen que tomar notas sobre o contido para relacionalo coa asignatura correspondente.
- Que a conferencia, o contido, a tarefa académica realizada formasen parte da avaliación.

Dende aquí agradecemos a colaboración do profesorado que se implicou. Despois de tantas horas investidas na solicitude da axuda económica á Xunta de Galicia e na xestión e planificación das conferencias a mellor e maior recompensa é comprobar que os compañeiros e compañeiras responden.

As conferencias que presentamos a continuación forman o *I Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte*. Todas as conferencias, de un grande nivel académico, casualmente, están impartidas por mulleres, todas elas convencidas de que o camiño para acadar a igualdade de oportunidades é a formación.

Élida Álfaro e Milagros García Bonafé son dúas das pioneiras no tratamento destes temas en España, vencellada a primeira ao Seminario de Estudos de Xénero do INEF de Madrid e a segunda ao INEF de Barcelona, continúan a traballar aínda que xa fixeron efectiva a súa xubilación.

María de los Ángeles Fernández Villarino e Cristina López Villar representan a nova xeneración de profesoras e investigadoras comprometidas co xénero e o deporte, unha na Universidade de Vigo e outra na Universidade de A Coruña.

Paula Botelho Gomes, ademáis de ser profesora na Facultade do Desporto da Universidade de Oporto, é un dos referentes en Portugal, tanto no plano académico e investigador como no colectivo da Associação de Mulleres e Desporto dese país.

Marta Bobo Arce é a investigadora principal do proxecto de investigación realizado polo GEXAFG no ano 2009-2010 e que foi subvencionado polo Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.

A publicación das conferencias, de principio, non estaba prevista. Pero démonos conta de que o que non queda escrito ou rexistrado remata por esquecerse e pensamos que se o que queríamos era visibilizar as situacións de discriminación por xénero –que existir existen– debíamos facer un pequeno esforzo máis e divulgalas. Por outra parte, tamen pretendíamos que os ciclos de conferencias tivesen continuidade, polo tanto nada mellor que a publicación como obriga para a continuidade.

Dende este recuncho da actividade física e o deporte esperamos ter aportado un pequeno grao de area á consecución efectiva da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Sabemos que é unha carreira de fondo, non de velocidade; que é unha carreira que pode ser individual pero que tamén pode ser en equipo. En calquera caso, necesita que todos e todas nos apuntemos a esta tarefa.

María José Mosquera González
Vicedecana de Estudantes e Extensión Universitaria
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Universidade da Coruña